



**ELIXIMOS
AMAR.
ELIXIMOS
COMUNIDADE.**



ELIXE AMAR. ELIXE COMUNIDADE.



Non sempre podemos cambiar o mundo.
Pero si podemos elixir como vivir nel.





HOXE CELEBRAMOS A GRAN FESTA DA CARIDADE, A FESTIVIDADE DO **CORPUS CHRISTI**, A PRESENZA VIVA DE XESÚS NA EUCARISTÍA E NA REALIDADE DO MUNDO NO QUE VIVIMOS.

Celebramos e recoñecemos o misterio de amor que se fai pan compartido: Xesús resucitado que camiña ao noso lado, sostenos e invítanos a ser con el e nel, pan partido para os demais.

Nesta festa, compartimos, brindamos, festexamos e louvamos a Deus que vence todos os días a morte, a dor e o sufrimento. A presenza de Xesús lémbra-nos en todo momento a súa Palabra e invítanos a **elixir e a crer**, para facer real no noso camiño diario a súa mensaxe e anuncia-la aos demais:



EU SON O CAMIÑO, A VERDADE E A VIDA.
NINGUÉN CHEGA ONDA O PAI MÁIS CA POR MIN.
SE ME COÑECÉSEDES, COÑECERIADES TAMÉN A MEU PAI
(Xn. 14, 6-7).

A proposta de Cáritas é a de **ELIXIR AMAR**, elixir vivir con outros, a saír do illamento e a de **ELIXIR A COMUNIDADE** como espazo para compartir e vivir relacións fraternais e amigables.

O TEU XESTO TRANSFORMA O MUNDO

AMA E SAE AO ENCONTRO

- Sae ao encontro de Deus no silencio e na Natureza.
- Sae ao encontro dos demais e acólleos como Deus o fai contigo, sen xulgar, sen medo, con gratuidade.
- Sae ao encontro e acompaña na dor, na soidade, na enfermidade aos que están preto de ti na parroquia, na veciñanza, na familia.

AMA E FAITE PAN E SOLIDARIEDADE

- Sé amable na escoita e na acollida do outro, sendo facilitadora no diálogo e na conversación.
- Comparte o teu tempo, coida das persoas e da Natureza, e defende a xustiza e os dereitos dos que sofren.
- Fai o milagre do pan e os peixes, comparte os teus dons e os teus bens e ponos ao servizo dos demais.

AMA A TEUS IRMÁNS/ÁS E DÁ FROITO

- Busca espazos de encontro con outras persoas, participa, non te quedas illado/a e constrúe fraternidade.
- Colabora con pequenos xestos e accións polo ben común.
- Faite voluntario/a, elixe amar e comprométe-te.



ESTE É O MEU MANDAMENTO:
QUE VOS AMEDES UNS A OUTROS COMO EU VOS AMEI. NINGUÉN TEN AMOR MEIRANDE CA ESTE: QUE UN DEA A SÚA VIDA POLOS AMIGOS.
VÓS SODES AMIGOS MEUS, SE FACEDES CANTO EU VOS MANDO
(Xn. 15, 12).